


JAMAL-ALDIN, Lamia e HAMMADI, Abdullah (2022). *650 Idioms and Proverbial Phrases in Modern Standard Arabic. For Intermediate to Advanced Students*. Abingdon e Nova York: Routledge. ISBN 978-0-367-56152-9; 378 pp.



650 Idioms and Proverbial Phrases in Modern Standard Arabic é un manual de expresións idiomáticas e proverbiais do árabe estándar moderno dirixido, fundamentalmente, a anglofalantes estudantes dese idioma semítico cun nivel B1 ou superior.

O principal obxectivo da obra consiste en favorecer unha melloría na comprensión da fraseoloxía máis empregada e, mediante un enfoque integral, contribuír para o desenvolvemento da fluidez lingüística. Foi escrita por Lamia Jamal-Aldin xunto con Abdullah Hammadi e publicada, consonte á páxina de créditos, en 2022 pola editorial británica Routledge, tanto en Abingdon (Inglaterra) como en Nova York.

Afondándonos no perfil da autoría, cómpre destacar a dilatada experiencia docente e pedagóxica da profesora Lamia Jamal-Aldin no campo do ensino do árabe como segunda lingua, unha bagaxe profesional ben perceptíbel sobre todo na segunda

parte do libro, á cal nos referiremos polo miúdo con posterioridade. Ademais, é Jamal-Aldin quen escribiu os catro volumes de *Modern Standard Arabic Step-by-Step* (2021, Aureum Publishing). De Abdullah Hammadi achamos particularmente resaltábel a súa faceta de tradutor —para alén da de analista e de escritor—, asaz conveniente á hora de achegar equivalencias precisas e naturais —neste caso, ao inglés— para as ditas (máis de) 650 unidades fraseolóxicas. Ambos os autores presentan un extenso e fondo coñecemento da gramática e da morfoloxía do árabe clásico, estándar e coloquial.


A respecto do selo Routledge, forma parte do grupo editorial Taylor & Francis e conta con oficinas en varias partes do mundo. Está especializado no ámbito académico, pero as áreas de coñecemento das humanidades e das ciencias sociais son de xeito claro as prominentes no seu conxunto de títulos. Con todo, Routledge posúe unha cobertura temática ampla e non só edita libros, senón tamén revistas, e, ademais, case sempre nos formatos impreso e electrónico simultaneamente¹. Así mesmo, as súas publicacións adoitan pasar por procesos de revisión rigorosos —como a revisión por pares— e trátase dun selo de prestixio internacional. Entre os persoeiros que lanzaron obras a través del encóntranse Judith Butler e Noam Chomsky.

Canto á estrutura, a obra que nos ocupa abrangue un total de 378 páxinas. As que poderíamos definir como iniciais ou previas constan de, por orde de aparición: unha especie de introdución —en inglés— en que se describen moi brevemente os obxectivos e

¹ Esta recensión baséase na versión impresa en tapa branca da obra. O ISBN correspondente á versión dixital é: 978-1-003-09666-5.

a organización do libro e se presenta, tamén de maneira moi sucinta, a coautoría; a cuberta interior; os créditos; unha epígrafe conformada por un refrán —en árabe—; unha páxina de cortesía; a táboa de contidos e un prefacio, primeiro en inglés e despois en árabe, no cal xa se expoñen en detalle tanto os aspectos formais como os funcionais. Volvendo ao refrán, poderíase traducir como «A sabedoría humana é sempre a mesma, por moi diferentes que foren as linguas»; reparamos nel entón porque suxire que, con independencia do idioma ou da cultura, os principios fundamentais do coñecemento son comúns ao xénero humano por enteiro. Expresado doutro modo, o devandito refrán remarca a unidade subxacente na diversidade lingüística e cultural e pódese interpretar como un convite a valorar esta, a facer por coñecela en vez de concibila como un obstáculo.

Pola súa banda, o corpo do libro organizase en dúas partes claramente diferenciadas. A primeira subdivídese en 29 capítulos e nela fornécense as expresións idiomáticas, ordenadas de acordo co alfabeto árabe aínda que sen numerar, e proverbiais, tampouco numeradas e concentradas nun só capítulo. Cada unha das expresións vai acompañada da indicación da súa pronuncia/lectura correcta —isto é, de signos diacríticos—, do seu significado en inglés mais de varios —reflicten distintos contextos pragmáticos típicos— exemplos reais de uso, tamén traducidos e igualmente coa lectura correcta especificada, que ilustran o comportamento morfolóxico-gramatical do árabe. Como proba, ou mostra, brindamos a continuación o extracto do libro que lle corresponde á primeira desas expresións (p. 3):



A selección das unidades fraseolóxicas responde ao criterio de frecuencia de uso, aínda que non se informa da metodoloxía concernente: escolléronse aquelas que máis se adoitan utilizar tanto no plano escrito como no oral e tanto na esfera da literatura como na dos medios de comunicación. Os significados aos que se refiren as expresións idiomáticas son moi variados e teñen a ver con accións vitais ou coa vida *per se* —«to pass away», «in the prime of life»...—, con sentimentos e emocións —«to fall in love», «to become livid or infuriated»...—, coa a conduta e a moral —«a person who shows equanimity», «to atone for one's sins», «collective duty»...—, con nocións temporais e discursivas —«eventually», «the aforementioned»...— etc., etc. Algúns dos proverbios do inglés para os que se dan na obra as equivalencias en árabe son *good things come to those who wait*, *old habits die hard* e *forewarned is forearmed*.

A segunda parte do libro inclúe 30 exercicios prácticos —si numerados— sobre cadanseu texto, creado *ad hoc* e o cal incorpora expresións idiomáticas/refráns da parte anterior do manual. A suma dos textos, cabe mencionar, resulta heteroxénea en temas, estilos e (sub) xéneros, incluso comprende unha *maqāma*: «[the texts] come in the form of short stories, reports, political analysis, articles, football match report, a letter of thanks, a formal speech, official statements, a Maqamah (Arabic rhymed prose), a eulogy, and a court ruling» (p. xi). Cada exercicio integra seis tarefas: a primeira implica ler a peza textual para despois analizar de que xeito se utilizan nela as expresións idiomáticas e/ou proverbiais; a segunda, traducir a dita peza ao inglés mantendo o estilo orixinal; a terceira, reexpresar ou resumir o contido do texto botando man desas unidades fraseolóxicas; a cuarta, completar unha serie de frases —encher ocos— elixindo a expresión idiomática adecuada de entre as que se dan na tarefa mesma; a quinta, traducir do inglés ao árabe outra serie de frases substituíndo as palabras en letra grossa por fraseoloxismos estudados «na unidade» e a sexta, crear oracións propias que inclúan, de novo, fraseoloxismos estudados «na unidade». As (posibeis) solucións non se proporcionan, pero si se indican, xusto ao final do exercicio, as unidades fraseolóxicas en causa; velaquí un exemplo (extraído da p. 259):

ابْتَسَمَ لَهُ الْحَظُّ

Fortune smiles on someone.

لقد ابتسم لها الحظ بعد أن اشتهر طبخها بفضل مقطع فيديو نشرته على الإنترنت. / ابتسم له الحظ بعد أن حصل على منحة دراسية في كلية الطب المرموقة. / كان الحظ يبتسم لها لأنها كانت لطيفة مع الناس.

Good fortune smiled on her when her cooking became famous, thanks to a video she posted online./Good fortune smiled on him after he was granted a scholarship to the prestigious School of Medicine./Good fortune was smiling upon her because she was nice to people.

Tendo en conta o que se acaba de explicar, e tal e como se declara no propio libro, as dúas partes que compoñen o seu corpo fanse aptas para seren empregadas de forma independente a unha da outra. Por último verbo da estrutura, *650 Idioms and Proverbial Phrases in Modern Standard Arabic* non contén ningún tipo de epílogo ou un apartado bibliográfico —para, por exemplo, recomendar outros materiais didácticos de apoio ou para revelar de que fontes se extraeron eses exemplos *reais* de uso— e finaliza coas habituais páxinas de cortesía, en branco.

En síntese, esta publicación de Jamal-Aldin e Hammadi representa unha boa mostra das grandes expresividade e riqueza fraseolóxica polas que se caracteriza a lingua árabe. Consideramos, ademais, que 650 é un número total bastante adecuado de expresións idiomáticas e proverbios —por razóns lóxicas, moitos menos— dada a finalidade do libro; trátase dunha cantidade asumíbel desde o punto de vista da aprendizaxe e verdadeiramente posibilitadora dun progreso ou refinamento lingüístico no treito, tan prolongado —se

cadra un tanto demasiado...—, de catro niveis de coñecemento (B1-C2). Asemade, trátase dunha cantidade o suficientemente elevada como para poder ser percibido o libro como un recurso de consulta para profesionais, por exemplo, da tradución —un obxectivo secundario—. Alén diso, as unidades fraseolóxicas seleccionadas aparecen contextualizadas, van acompañadas de explicacións claras e completas —mesmo de carácter fonético—, atinxen múltiples situacións comunicativas e aspectos relevantes da sociedade árabe —como as normas culturais ou as tradicións—, e son as máis habituais da actualidade dentro da súa clase, o que dá conta da utilidade do manual. Porén, cremos que precisar a metodoloxía empregada ao respecto lle engadiría a este credibilidade e facilitaría a reproducibilidade do traballo/estudo.

Outro trazo asaz positivo da obra é a súa organización, lóxica e orientada á acción, a súa manexabilidade: úsanse os recursos tipográficos —letra grosa, tipo itálico, disposición espazada etc.— de modo que se estrutura visualmente o contido e se facilita a lectura; as expresións idiomáticas seguen unha orde concreta (alfabética); en xeral, vanse ampliando o vocabulario e as construcións gramaticais a medida que se avanza na lectura, aplicándose constantemente todo o que se aprende; inclúense uns exercicios prácticos ao final que fomentan a comprensión lectora e que, ademais, van numerados, ao igual que as súas tarefas... Aquí, non obstante, debemos advertir a falta dun solucionario, pois cremos que, para o pleno proveito de determinadas tarefas polo menos, carrea a necesidade de orientación docente. Mais esta «eiva» pode verse superada pola coidadosa creación textual á que aludimos con anterioridade.

Evidentemente, resulta igual unha vantaxe que as dúas partes do corpo do libro foran configuradas, en certo grao, como independentes entre si. Tamén o resulta que a dita publicación se ofrezca en varios formatos e «subformatos». Á parte, no que ten a ver coa edición, malia quedaren certos detalles por puír —hai algunha liña viúva, por exemplo—, en xeral é coidada —os caracteres árabes son ben lexíbeis etc.— e o deseño da cuberta, atractivo.

En suma, detectamos en *650 Idioms and Proverbial Phrases in Modern Standard Arabic* poucos aspectos mellorábeis e numerosos puntos fortes e até diferenciadores. Como conclusión, achamos que cumpre co propósito primordial que lle foi asignado e que constitúe un valioso material didáctico á par que de consulta —excede a categoría de repertorio fraseolóxico bilingüe—, unha boa ferramenta lingüística tanto para discentes, autodidactas ou non, como para profesionais, nomeadamente da tradución ou da docencia/pedagogía.

Andrea Ucha Bouzada
Universidade de Vigo (España)
ORCID: 0009-0003-8122-0776
andreauchabouzada@gmail.com

Cristin Myka Ramírez de la Cruz
Universidade de Vigo (España)
ramirez_cristin@yahoo.com